

Breve historia da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (FCETOU)

Estes son os principais fitos da historia da nosa Facultade:

Curso 1986-1987. Comeza a funcionar a Escola de Estudos Empresariais, impartíndose a Diplomatura de Ciencias Empresariais no Edificio do Antigo Hospital do Campus Universitario de Ourense.

Curso 2000-2001. Tras a concesión do segundo ciclo da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, créase a Facultade de Ciencias Empresariais, emprazándose esta no Edificio Xurídico-Empresarial situado na parte nova do Campus Universitario.

Curso 2003-2004. Comeza a impartirse a Diplomatura de Turismo e cámbiase o nome do centro a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Curso 2006-2007. Comeza na Facultade o proceso de implantación de novas titulacións de grao, posgraos e doutoramento xa integradas no Espazo Europeo de Educación Superior. Ponse en marcha o Mestrado interuniversitario en dirección e planificación do turismo, que dous anos máis tarde se integra no Programa de doutoramento en dirección e planificación do turismo.

Curso 2008-2009. Comeza a impartirse o Mestrado universitario en creación, dirección e innovación na empresa.

Curso 2009-2010. Implántanse os graos en Administración e Dirección de Empresas e en Turismo.

Curso 2010-2011. Implántase o novo Grao en Consultoría e Xestión da Información.

Curso 2011-2012. Comeza a impartirse o Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte, e o Mestrado en dirección e planificación do turismo pasa a ser Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e de saúde.

Curso 2013-2014. Implántase o programa conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (ADE-EI).

Curso 2014-2015. Implántase o programa conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Dereito (ADE-DER). Implántase a docencia en inglés en ADE.

Curso 2015-2016. Implántase o Programa de recoñecemento mutuo de estudos: Bachelor of Arts in Business Administration (Hochschule, Bremerhaven)-Grao en ADE.

Curso 2016-2017. Implántase a docencia en inglés no Grao de Turismo.

Curso 2017-2018. Implántase o Programa Conxunto Turismo-Xeografía e Historia.

Curso 2018-2019: Primeira promoción do Programa de recoñecemento mutuo de estudos: Bachelor of Arts in Business Administration (Hochschule, Bremerhaven)-Grao en ADE, do Programa Conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (ADE-EI) e do Programa Conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Dereito (ADE-DER).

Curso 2019-2020: Comezo da docencia on-line por mor da pandemia.

Curso 2020-2021: Comezo da docencia mixta (on line e presencial) por mor da pandemia e aprobación do Programa de Recoñecemento mutuo de estudos Bachelor of Arts in Cruise Tourism Management (Alemaña)-Grao en Turismo.

Curso 2021-2022: Impartición do título propio Titulado/a Universitario/a en Cultura e Sociedade.

Obxectivos:

1. Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
2. Presentar ao alumnado de novo ingreso os graos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
3. Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas o seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Destinatarios/as:

Alumnado de novo ingreso nos primeiros cursos de ADE, Turismo, PCEO ADE-Dereito, PCEO Turismo-Xeografía e Historia e PCEO ADE-Informática

Comité organizador:

Prof. Dra. María Montserrat Cruz González (Decana da FCETOU).

Prof. Dr. Alberto Vaquero García (Secretario da FCETOU).

Prof. Dr. Juan Manuel de los Ríos Sánchez (Vicedecano da FCETOU).

Prof. Dra. Elena de Prada Creo (Vicedecana da FCETOU).

Prof. Dr. Francisco Tugores Martorell (Vicedecano da FCETOU).

Prof. Dr. Francisco Javier Sánchez Sellero (Vicedecano da FCETOU).

Prof. Dra. Mónica Villanueva Villar (Coordinadora do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o PCEO ADE- Dereito e do PCEO ADE-Informática).

Prof. Dra. María Dolores Rivero Fernández (Coordinadora do Grao en Turismo e do PCEO Turismo-Xeografía e Historia).

Dr. D. Marcos Álvarez Díaz (coordinador Erasmus da FCETOU)

Información:

Web: <http://fcetou.uvigo.es>

Tfno. 988 368 800 (Secretaría decanato)

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Campus Universitario Sur

32004. Ourense

XORNADA DE PRESENTACIÓN:

ESTUDAR NA FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO DE OURENSE Aula magna “José Ángel Valente”

DATA

Luns, 6 de setembro de 2021



PROGRAMA

Luns, 6 de setembro

10.00 h	Recepción e benvida. Presentación da equipa decanal Prof. Dra. María Montserrat Cruz González (Decana). Prof. Dr. Alberto Vaquero García (Secretario). Prof. Dr. Juan Manuel de los Ríos Sánchez (Vicedecano de calidade). Prof. Dra. Elena de Prada Creo (Vicedecana de relacións internacionais). Prof. Dr. Francisco Tugores Martorell (Vicedecano de organización académica e alumnado). Prof. Dr. Francisco Javier Sánchez Sello (Vicedecano de graos e xestión informática). Prof. Dra. Mónica Villanueva Villar (Coordinadora do Grao en Administración e Dirección de Empresas). Prof. Dra. María Dolores Rivero Fernández (Coordinadora do Grao en Turismo). Prof. Dr. D. Marcos Álvarez Díaz (Coordinador Erasmus)	10.25 h	Organización da docencia na Facultade Prof. Dr. Francisco Tugores Martorell Prof. Dra. Mónica Villanueva Villar Prof. Dra. María Dolores Rivero Fernández
		10.35 h	As guías docentes e o uso da plataforma Moovi. Infraestruturas Prof. Dr. Francisco Javier Sánchez Sello. QSP, enquisas e PAT Prof. Dr. Juan Manuel de los Ríos Sánchez
		10.45 h	Estudar no estranxeiro. Programa docencia en inglés. PCEOs FCETOU e Hochschule Bremerhaven (Alemaña) Prof. Dra. Elena de Prada Creo. Prof. Dr. D. Marcos Álvarez Díaz
10.15 h	Presentación Colexio de Economistas D. M ^a del Carmen Sampayo David Presidenta-Decana do Colexio de Economistas de Ourense.	10:55 h.	Delegación de alumnado Representantes da delegación do alumnado.